



## INSTRUCCIÓN

### 1.- TRANSPORTE ESCOLAR:

(Instrución 3/2014 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, do 5 de xuño, sobre a xestión do servizo de transporte escolar para o curso 2014-15).

Será **usuario lexítimo** do transporte escolar gratuito o alumnado cuxo domicilio se atope a unha distancia superior a 2 km do centro escolar e **sempre que faga uso continuado do mesmo**.

Poderase autorizar excepcionalmente (**usuario autorizado**) o uso do servizo de transporte ao alumnado situado a menos de 2 km e máis dun km en zona urbanizada e 500 m en zona non urbanizada, sempre que haxa vacantes, non comporte modificación de rutas nin de paradas, nin tampouco maior duración do traxecto, para cada curso escolar.

RUTAS	PARADAS
Ruta 1: Redes - Ares	O Pedregal, Cruce de Redes, Fronte á Escola, O Paralelo, Camiño de Rodelas, Seselle, O Castro.
Ruta 2: Chanteiro - Ares	Chanteiro praia, Chanteiro, Cervás, Os Galgos, Lubre Arriba, Lubre Abaixo, Cruce.

### 2.- COMEDOR ESCOLAR:

(Instrución 1/2014 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, do 5 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa para o curso 2014-15).

Segundo a normativa antedita, de existir máis solicitudes que prazas autorizadas no Comedor Escolar, o Consello Escolar baremará as ditas solicitudes conforme ás seguintes preferencias:

**1º Alumnado usuario lexítimo do servizo de transporte escolar.**

**2º Alumnado de unidades familiares en situación socioeconómica de exclusión social ou cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.**

**3º Alumnado pertencente a familias numerosas.**

**4º Alumnado fillo de pai e nai traballadores con incompatibilidade horaria coa saída do centro.**

**5º Outro alumnado.**

En caso de empate nalgún dos apartados anteriores, aplicaranse as prioridades aprobadas polo Consello Escolar na súa reunión do día 5 de setembro de 2011, que son:

**a) Ter irmáns escolarizados no centro.**

**b) Nivel de renda familiar.**

**c) Minusvalía da nai ou do pai.**

**d) Incompatibilidade horaria, se é o caso.**

Todas estas situacións terán que acreditarse coa documentación que se sinala no apartado correspondente da solicitude.

O alumnado que teña necesidade dalgunha dieta especial por problemas médicos, deberá cubrir o apartado reservado ao efecto e xustificalo documentalmente co correspondente informe médico no que se especifique a dieta necesaria.



### 3.- AUTODECLARACIÓN:

Non terán que facer a autodeclaración os usuarios con situación socioeconómica de exclusión social, en situación de acollemento residencial ou familiar, o alumnado cun grao de discapacidade igual o superior ao 33% e as vítimas de terrorismo e/ou violencia de xénero.

A renda familiar obterase facendo estas operacións coa declaración do IRPF do ano 2013:

- 1.- Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
- 2.- Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

casíña 361 + casíña 363 – casíña 365 + casíña 368 + casíña 371 – casíña 511

Para obter a renda per cápita, o resultado de calquera das operacións anteriores divídase entre o número de membros da unidade familiar segundo a normativa do IRPF.

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas no ano 2013 por todas as persoas que integran a unidade familiar.

Os datos obteranse da declaración anual do IRPF, segundo o sistema anteriormente indicado, e sumaranse no caso de haber dúas ou máis declaracións. Se algún dos membros non tivera a obriga de presentar a declaración, obterá os datos do borrador. Se non, terá que solicitalos á Axencia Tributaria.

Para determinar o número de membros da unidade familiar, sempre a 31 de decembro de 2013, cómpre ter en conta o seguinte:

- No caso de matrimonio está formada polos cónxuxes non separados legalmente, polos fillos menores (salvo que vivan independentemente) e polos fillos maiores incapacitados xudicialmente.
- En ausencia de matrimonio ou se hai separación legal, está formada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan con el ou ela, segundo o indicado no caso anterior

O uso do servizo de comedor dará lugar ao aboamento dos seguintes prezos públicos por parte dos pais, nais ou titores legais do alumno/a usuario. Os prezos serán os seguintes:

Usuarios gratuitos	Situación socioeconómica de exclusión social, certificada polos servizos sociais; situación de acollemento residencial ou familiar; alumnado cun grao de discapacidade igual o superior ao 33%; vítimas de terrorismo e/ou violencia de xénero e renda anual per cápita inferior a 7.000 €
Abono de 1 € por día.	Renda anual per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €, se hai un ou dous menores en idade escolar. Renda anual per cápita igual ou superior a 7.000,01 €, se hai tres ou máis menores en idade escolar.
Abono de 2,50 € por día.	Renda anual per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €, se hai un ou dous menores en idade escolar.
Abono de 4,50 € por día.	Renda anual per cápita igual ou superior a 9.000,01 €, se hai un ou dous menores en idade escolar.

O importe do prezo público aboarase entre o 1 e o 20 do mes seguinte. Obterase multiplicando o prezo correspondente polos días de uso do comedor. Os usuarios deberá comunicar ao centro os días que vaian faltar cunha antelación mínima dun día.

O ingreso efectuarase en calquera das entidades autorizadas pola Consellería de Facenda, ou ben a través da oficina virtual tributaria e logo presentaranse no centro os xustificantes de pagamento nos 20 primeiros días do mes, conservando o exemplar para o interesado.

Os impresos serán entregados polo centro e tamén se poden conseguir e abonar a través do Espazo Abalar; neste caso non terán que presentar logo o xustificante no centro.

Os incumprimentos no pagamento dun mes impedirán a utilización do servizo ao mes seguinte, mentres non se proceda ao pago. Aos dous meses procederase a abrir expediente de perda de praza.